

DOCENTES:

Jorge García Fernández

É Psicólogo Clínico na Unidade de Interconsulta e Enlace no Complexo Hospitalario da Coruña desde 2003 ata a actualidade. Desenvolve programas de enlace con intervención individual e grupal con distintos/distintas pacientes con patoloxías médicas (dor crónica, oncoloxía e grandes queimados/as) así como dirixidos a persoal asistencial. É profesor asociado no Departamento de Psicoloxía da Universidade da Coruña desde 2002 ata a actualidade, impartindo diferentes materias relacionadas coa Psicoloxía da Saúde e como director de traballos fin de grao e máster en materias relacionadas coa temática citada. Tamén foi docente en cursos organizados por diferentes entidades públicas sobre temáticas de intervención psicolóxica en procesos de enfermidade e habilidades de comunicación en contextos hospitalarios (FEGAS, Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, Hospital da Coruña). Interveu en Congresos en temáticas de Psicoloxía da saúde e procesos de enfermidade crónica así como en temáticas relacionadas con oncoloxía e dor crónica. Ademais, diseña e desenvolve programas audiovisuais-multimedia de educación para a saúde e habilidades de comunicación terapéuticas para profesionais sanitarios e sanitarias. Por último, participou en diferentes proxectos de investigación e publicacións na temática do presente curso.

Miguel Gárriz Vera

Obtivo a especialidade en Psicoloxía Clínica tras realizar a residencia no Hospital Clínic de Barcelona. Tras a residencia, foi corresponsable do deseño e implementación (durante dous anos e medio) do Programa de Soporte á Primaria do CSMA do Hospital Clínic de Barcelona, dando cobertura a 5 ambulatorios, así como responsable da rotación do PIR en dito programa.

Actualmente traballa no Parc de Salut MAR de Barcelona, onde exerce como psicólogo clínico no CSMA da Mina, ubicado no Centre d'Atenció Primària da Mina, ao que dá cobertura, e é o responsable do Programa de tratamentos grupais baseados en mindfulness que o Parc de Salut MAR ofrece a pacientes das poboacións de Sant Martí, Santa Coloma e A Mina (350.000 habitantes).

En outubro de 2016, iniciou en dita institución un proxecto piloto polo que abriu a carteira de servizos de Psicoloxía Clínica en AP en dous dos 15 ambulatorios aos que dá cobertura en saúde mental o Parc de Salut MAR. Este proxecto permitirá o inicio da rotación do PIR no Parc de Salut MAR en Atención Primaria, que ata o momento non se realizaba pola ausencia de Psicólogos e Psicólogas Clínicas en AP.

Coordina o Grup de Treball de Psicologia Clínica en Atenció Primària del COPC, e dentro da actividade deste grupo coordina a realización do ensaio clínico PsicAP en Barcelona. É responsable da rotación en saúde mental dos residentes de Medicina de Familia do CAP da Mina.

OBXECTIVOS:

Adquisición e manexo de ferramentas psicolóxicas básicas para a intervención grupal en contexto hospitalario e atención primaria. Exposición e discusión de dúbidas e experiencias dos participantes.

METODOLOXÍA:

Exposición, discusión-debate e role playing.



CURSO: TERAPIA DE GRUPO EN CONTEXTO HOSPITALARIO E ATENCIÓN PRIMARIA

En trámite a solicitude de acreditación como actividade de formación continuada do *Sistema Nacional de Salud*

Docentes:

Jorge García Fernández
Miguel Gárriz Vera

Organiza:

Sección de Psicoloxía e Saúde do
Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

Coordinadora:

Alicia Carballal Fernández

Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia
Espiñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049 / Fax: 981 534 983
copgalicia@copgalicia.gal
www.copgalicia.gal

DURACIÓN:

12 horas.

DATAS:

29 e 30 de setembro de 2017.

LUGAR:Salón de actos do Hospital Marítimo de Oza. As Xubias, s/n.
15006 A Coruña.**Nº DE PRAZAS:**

40.

HORARIO:

Venres de 17:00 a 21:00 horas.

Sábado de 10:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 20:00 horas.

PREZOS:

Psicólogas/as Colexiados/as:	60,00 €
Psicólogos/as Colexiados/as socios/as da Sección de Psicoloxía e Saúde	48,00 €
Psicólogos/as Colexiados/as demandantes de emprego* e estudantes de 4º de Grao de Psicoloxía:	30,00 €
Psicólogos/as non Colexiados/as:	120,00 €

* Neste curso podes optar ás prazas gratuítas para Colexiados/as desempregados/as.

Bases no seguinte enlace:

https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/axudas_formation_para_Colexiados_e_Colexiadas.pdf

INSCRICIÓN:

Directamente na sede do Colexio ou ben remitindo copia do boletín de inscrición xunto co xustificante de ter realizado transferencia bancaria a nome do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, conta corrente IBAN nº ES64 2080 0316 2330 4000 8164 de Abanca.

Na admisión respectarase rigorosamente a orde de entrada, para o que se terá en conta tanto a data de rexistro de entrada das solicitudes enviadas por correo ordinario, fax, correo electrónico ou entregadas persoalmente na sede do Colexio no momento de recibilas, como a data de certificación de Correos no momento de envialas cando se empregue ese medio.

O curso terá un mínimo de asistentes, tendo preferencia as psicólogas e psicólogos Colexiados, podendo suspendelo o Colexio no caso de non obter un número de suficientes inscricións.

Ao día seguinte de rematar o prazo de inscrición comunicarse por e-mail a admisión ou non admisión.

Ao finalizar a actividade entregarase o correspondente certificado de asistencia, para o que será necesario ter asistido a 80% das sesións.

Non se poderá anular a inscrición nin se devolverá o importe da matrícula fóra do prazo sinalado para a inscrición.

Deberase estar ao corrente no pago das cotas Colexiais. Para as tarifas de demandante de emprego, axuntarase **informe de situación administrativa actual ou informe demandante de emprego**, asinado pola persoa responsable da oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia con data actual e a **tarxeta de demandante de**

emprego. Os e as estudantes de 4º de Grao de Psicoloxía terán que presentar copia da matrícula. As psicólogas e psicólogos non Colexiados deberán presentar o título de Licenciatura ou Grao en Psicoloxía.

Último día de inscrición: **19 de setembro de 2017.**

PROGRAMA:**Venres 29 de setembro. Jorge García Fernández**

17:00 Os grupos en psicoterapia.

17:30 Os marcos teóricos e os obxectivos: Provocar experiencias e observar o que ocorre.

18:00 Os estilos do/da terapeuta e das/dos participantes: O desacordo como punto de partida.

18:30 Algunhas regras de funcionamento interno: Falar solo do que “nos” interesa.

19:00 Algunhas cuestións sobre a adherencia: Como vir e sobre todo como deixar de vir.

19:30 Aprendizaxe de técnicas vs facilitación de narrativas. Emprego de profesor/profesora ou moderadora/moderador.

20:00 Terapia grupal en contextos de saúde. Un experimento con alumnado san.

Sábado 30 de setembro. Miguel Gárriz Vera

9:00 Terapias psicolóxicas grupais en AP. Importancia clínica e para a xestión asistencial, avaliación, custe-efectividade, influencia do contexto.

10:00 Intervencións grupais en base ao diagnóstico de saúde mental, ao tipo de problemas experimentados, ou a outras características das e dos pacientes.

10:30 Protocolos grupais transdiagnósticos. Características xerais e achegas principais no ámbito de Primaria/Comunitaria.

11:00 Protocolos grupais transdiagnósticos. O Protocolo Unificado de Barlow e posibles adaptacións ao ámbito de AP.

13:00 Intervencións baseadas en Mindfulness. Protocolos adaptados a AP.

14:00 Descanso.

16:00 Intervencións baseadas en Mindfulness. Protocolos estandarizados. MBCT.

17:00 Outras intervencións grupais e non grupais no ámbito de AP.

17:30 Experiencia previa, actual e ideas e plans de futuro na organización de programas ou circuitos asistenciais en AP en Barcelona que xiran a carón da asistencia grupal.

18:30 Discusión. Implementación de Programas de Atención Psicolóxica en AP no SERGAS: Espazo para discutir coas persoas asistentes sobre unha posible implementación en base ao exposto durante a xornada, as características do SERGAS, e as características das e dos profesionais da Psicoloxía Clínica en Galicia.

BOLETÍN DE INSCRICIÓN CURSO: TERAPIA DE GRUPO EN CONTEXTO HOSPITALARIO E ATENCIÓN PRIMARIA

NOME E APELIDOS

TFNO. E-MAIL

Nº DE COLEXIADO/A

ENDEREZO

CIDADE E.C.P.

PROFESIÓN

CENTRO DE TRABAJO

DATA

 Solicita factura (achegar os datos fiscais) Socio/a da Sección de Psicoloxía e Saúde

XÚNTESE A ESTE BOLETÍN COPIA DA TRANSFERENCIA Á CONTA CORRENTE IBAN Nº ES64-2080-0316-2330-4000-8164 DE ABANCA

De acordo co disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, informámosche de que no Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia existe un ficheiro co nome de “Actividades e servizos para os/as Colexiados/as” no que se inclúiran os teus datos profesionais e persoais unha vez inscrito/a no curso. A finalidade do mesmo é a xestión e tramitación das actividades e servizos que o Colexio che presta. A súa utilización e destino é exclusivamente Colexial e para organismos afíns a este Colexio.

Non autorizo ao COPG a facer uso das fotografías, xa sexan individuais ou en grupo, nas que apareza a miña imaxe, realizadas nas distintas actividades nas que participe, para ser publicadas na páxina web do Colexio, prensa, exposicións, revistas ou demais publicacións que realice o Colexio.

No caso de non aceptar o uso descrito marca o cadrado.

Poderás exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición mediante comunicación, ou para revocar o teu consentimento, dirixíndose ás nosas dependencias na Rúa Espiñeira, 10-Baixo, 157006 Santiago de Compostela, ou ben enviando un correo electrónico a copgalicia@copgalicia.gal.